



**San Sadurniño**

[www.sansadurnino.es](http://www.sansadurnino.es)

Avda. Marqués de Figueroa, nº 5  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 06/07/2013.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.  
D. Manuel Varela Mecías.  
Dª María del Carmen Muñoz Filgueira.  
Dª María Amparo Calvo González.  
D. Jesús Manuel Soto Vivero.  
Dª Ana Belén Breijo Gundín.  
Dª María del Carmen García Pérez.  
D. Plácido López Loureiro.  
D. Hipólito Díaz Silva.  
Dª Silvia Fernández Muñoz.  
D. Fernando Márquez Hermida.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e seis minutos do día seis de xullo de dous mil trece, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presencia do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día catorce de xuño do presente ano dous mil trece. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

**SEGUNDO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓNS.**

Dase conta do acordo da Xunta de Goberno Local de adquisición dunha parcela no lugar de A Vila, da parroquia de Ferreira, acordada na súa sesión do 11/06/13, con destino á construccion dunha rede de sumidoiros e unha depuradora ecolólica nese núcleo. A finca ten unha superficie de 254 metros cadrados e adquirirase polo prezo de mil euros.

Os membros da Corporación quedan enterados e conformes co contido do acordo de que se trata.



### TERCEIRO. ACORDOS SOBRE MODIFICACIÓNS DO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO.

Dase conta da necesidade de modificar o Inventoryo de Bens do Concello para dar de alta a finca a adquirir no lugar de Vila, da parroquia de Ferreira, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 11/06/13, para a execución por parte do Concello dunha obra experimental de instalación de rede de sumidoiros e depuración ecolóxica nese núcleo, do que se deu conta no punto anterior.

A descripción da finca de que se trata segundo a súa escritura pública é a seguinte: "Terreno a regadío con su correspondiente agua de regar, al sitio de "O CANO", de la cabida de dos áreas cincuenta y cuatro centiáreas.- Linda: Norte, camino; Sur, Faustino Castro Montero; Este, Clara Montero Luaces y Oeste, Mercedes Montero Carnero."

A finca ten o número 114 do polígono 69, e atópase, segundo indica a referida escritura pública, libre de cargas ou gravames. O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

A Corporación, sen deliberación e por unanimidade dos seus once membros, acorda a modificación do Inventoryo de Bens do Concello para dar de alta a referida finca, que terá a natureza de ben de dominio público pola súa afección á prestación dun servizo público.

### CUARTO. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2012.

Dase conta do expediente tramitado para a aprobación da Conta Xeral deste Concello, correspondente ó exercicio de 2012, dictaminada favorablemente pola Comisión Especial competente, e exposta ó público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 102, do día 30/05/2013, sen que durante o prazo legalmente establecido se presentase alegación ou reclamación algunha. O asunto foi favorablemente dictaminado no seu momento pola Comisión Informativa competente do Concello.

Sometido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda:

1º.- Aproba-la conta xeral deste Concello correspondente ó exercicio económico de 2012, sendo o seu resumo o seguinte:

#### Resumo da liquidación:

##### A) Resultado presupuestario do exercicio de 2012:

- 1) Dereitos recoñecidos netos: 2.507.924,03
- 2) Obrigas recoñecidas netas: 2.354.403,26
- 3) Resultado presupuestario (1-2): 153.520,77
- 4) Desviacións positivas de financiación: 0
- 5) Desviacións negativas de financiación: 0
- 6) Gastos finanziados con remanente líquido de tesorería: 232.684,19
- 7) Resultado de operacións comerciais: 0
- 8) Resultado presupuestario axustado: 386.204,96

##### B) Estado de remanente de tesorería:



1) (+)

Dereitos pendentes de cobro en fin de exercicio: 371.718,08

2) (-)

Obrigas pendentes de pagamento en fin de exercicio: 407.733,86

3) (+) Fondos líquidos de tesoureira a fin de exercicio: 786.990,01

4) Remanente de tesoureira afectada a gastos con financiación afectada: 0

5) Remanente de tesoureira para gastos xerais: (1-2+3-4): 750.974,23

6) Remanente de tesoureira total: 750.974,23

C) Cuantificación remanente de tesoureira: 750.974,23."

Conta Xeral de 2012:

1) Balance de situación: 17.771.220,67

2) Conta de resultados:

a) Resultados correntes do exercicio: 705.209,86

b) Resultados extraordinarios: 0

c) Resultado da carteira de valores: 0

3) Liquidación do Presuposto:

1) Dereitos recoñecidos netos: 2.507.924,03

2) Obrigas recoñecidas netas: 2.354.403,26

3) Resultado presupuestario (1-2): 153.520,77

4) Estado demostrativo de exercicios pechados:

- Obrigas pendentes de ordear: 207.891,67

- Dereitos pendentes de cobro: 31.139,88

5) Estado dos compromisos de gasto con cargo a exercicios futuros: 0

6) Estado de Tesorería:

- Existencia final en bancos: 786.990,01.

2º.- Ordea-la remisión dunha copia ou a transmisión telemática dos datos da conta xeral de que se trata ó Consello de Contas de Galicia e ó Tribunal de Cuentas, en aplicación do establecido na lexislación reguladora das Facendas Locais.

#### QUINTO. MOCIÓN DO B.N.G. EN DEFENSA DOS POSTOS DE TRABALLO NA FACTORÍA DE GAMESA NAS SOMOZAS.

Dase conta polo Sr. Soto do contido da moción de que se trata, presentada no rexistro con data do 28/06/13, que de seguido resume e que literalmente di:

"Feijóo decidiu anular o Concurso Eólico do anterior Goberno da Xunta, un concurso que por primeira vez excluía a implantación de novos parques na Rede Natura e que, por cesión voluntaria dos promotores, o Goberno Galego tería más do 14% do capital dos novos parques, alén disto, participación sobre a facturación para os/as propietarios/as dos montes

A pesares das posíbeis trabas normativas e o risco real dun cambio na retribución do sector, o PP anunciou un novo concurso que sería o maior plan industrial de Galiza. En



palabras de Feijoo no Parlamento, crearía 14.000 empregos e un investimento total, tanto nos parques eólicos como nos proxectos asociados, de 6.000 millóns de euros.

En outubro de 2011, o Goberno de Zapatero presentaba un borrador de Real Decreto, que co adianto electoral non foi aprobado, para modificar os incentivos económicos ás enerxías renovábeis a partires do ano 2013, onde se recollía unha minoración nas primas dun 44%. Por aquel entón a reacción contraria do Conselleiro de Economía e Industria fora do oposición total. Mais coa chegada do PP ao Goberno de Madrid, sen previo aviso nin ningunha negociación coas comunidades autónomas e adiantándose un ano sobre o previsto, apróbase o Real Decreto-Lei 1/2012 que non só suprime os incentivos económicos ás novas instalacións de enerxía renovábel, senón que tamén pecha o rexistro de preasignación, cando Galiza só ten rexistrados uns 50 MW dos total de 2.352 MW do concurso eólico. Deste xeito, a realización do concurso eólico do PP en Galiza é inviábel, pois as primas supoñen entre o 30% e o 40% dos ingresos destas instalacións. Cando, ademais, os novos parques terían que competir cos que xa están en funcionamento que si manterán o anterior sistema retributivo.

Posteriormente o "RD-L 2/2013, de 1 de febreiro, de medidas urxentes no sistema eléctrico e no sector financeiro" recorta áinda máis as primas á enerxía eléctrica, polo que reincide na vía de facer recaer toda a responsabilidade do déficit tarifario nas primas ás renovables, nunha clara aposta polas fontes de enerxía tradicionais, incluída a nuclear, fronte ás renovables

A derrogación do concurso eólico do goberno bipartito e os cambios normativos posteriores do PP supuxo unha paralización do sector eólico en Galiza que está a dificultar enormemente o desenvolvemento do sector e o emprego asociado a él.

Gamesa é unha empresa nacional situada entre os primeiros fabricantes de aeroxeradores a nivel mundial, con centros de producción repartidos por todo o estado español entre os cales se atopa o de As Somozas, onde se instala no 1997.

A aposta do conxunto da UE polas chamadas enerxías limpas ou renovables fixo que Gamesa recibise cuantiosas subvencións da UE a través das administracións estatal e autonómica para a posta en marcha de parques eólicos de produción de enerxía, así como para parques experimentais de novas tecnoloxías; e axudas a traves do -igape, -fogasa, -plan miner... para a formalización de emprego estable e creación de riqueza.

Sempre é deseable que os mecanismos de control establecidos para que todas aquelas empresas que recibiron e reciben axudas públicas, cumpran os plans para a creación de postos de traballo e emprego estable e de calidade, non deixando que actúen baixo as premisas de obter beneficios a curto prazo, con emprego precario e sen crear riqueza.

Agora os traballadores de Gamesa enfróntanse a unha grande redución do cadre de persoal nas Somozas. Nesta empresa quedan 239 traballadores, cando fai uns catro anos había uns 720. A empresa está executando unha inversión duns 8 M€ -cunha subvención de 2 M€ con cargo ao Plan Ferrol- para a preparación dos moldes para a construción do modelo G114, con destino ao exterior, subvención que en teoría debería levar consigo un compromiso de creación de postos de traballo, subvención que se suma aos máis de 15 millóns de € de axudas do Plan Miner e que conlevaban unha imposición temporal



dun mínimo de anos de mantemento dos posto creados e que ata o momento non se teñen cumplido.

Do mesmo modo, resulta paradigmático que agora GAMESA prantexe un ERE de extinción argumentado en causas organizativas e productivas por posíbeis baixadas de producción futura non moi ben explicadas, cando este grupo obtivo altos beneficios nos últimos anos, e con grande participación nos mesmos da factoría radicada nesta localidade.

Por todo o anteriormente exposto, sometemos á consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

**ACORDOS:**

1. Instar ao goberno galego a levar a cabo todas as medidas e as accións necesarias para manter os postos de traballo en Gamesa nas Somozas.
2. Instar ao goberno galego para que demande do goberno estatal unha modificación no sistema de incentivos económicos para un tipo de enerxía que ten un potencial importante no noso país tanto no referente á produción como o emprego."

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

Da conta tamén o Sr. Soto de que, vistas as negociacións que se veñen mantendo coa empresa por parte da Xunta para tratar de reducir o número de traballadores afectados, considérase procedente propor a retirada do punto primeiro da parte dispositiva desta moción, mantendo o segundo por considerar que hai que insistir na necesidade de incentivos para acadar os necesarios niveis de competitividade, co fin de previr a necesidade doutras medidas destructoras de emprego.

O Sr. López Loureiro interven para expresar a intención do seu grupo de apoiar co seu voto a moción de que se trata, expresando así o seu desexo de continuidade da empresa e de mantemento dos postos de traballo na propia Gamesa e nas súas empresas auxiliares, lembrando tamén as axudas públicas coas que a empresa contou para a súa posta en marcha.

O Sr. Márquez tamén expresa o seu apoio ó contido da moción, rexeitando que o goberno secunde a aplicación de expedientes de regulación de emprego e apostando polo mantemento das axudas públicas que permitan a supervivencia de sectores productivos competitivos e con futuro, como é o caso de Gamesa.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar a moción de que se trata, restrinxindo a súa parte dispositiva ó punto 2º da proposta.

**SEXTO. MOCIÓN DO B.N.G. DE REPROBACIÓN CONTRA A ACTITUD DOS GOBERNOS ESTATAL E AUTONÓMICO COA COMARCA DE FERROLTERRA.**

Dase conta polo Sr. Soto do contido da moción de que se trata, presentada no rexistro con data do 28/06/13, que de seguido resume e que literalmente di:



"A folga xeral celebrada o pasado 12 de Xuño supuxo un punto de inflexión no nivel de mobilización do conxunto da sociedade comarcal en demanda de solucións aos problemas que vén arrastrando no ámbito socioeconómico e, en definitiva, na exixencia aos gobernos de medidas concretas e urxentes a respecto dos sectores produtivos que substentan o noso tecido económico. A expresión, sen dúbida, de que estamos perante unha situación de emergencia, e que non proceden máis que medidas políticas urxentes por parte dos gobernos.

A importancia do nivel de apoio que tivo a convocatoria – histórica, sen dúbida – tén a ver cunha situación crítica que afecta ao conxunto de sectores da sociedade comarcal. Unha sociedade situada cun nivel de desemprego – a máis alta de Galiza - que supera o 30%, cun peche progresivo de comercios, hostalaría e pequenas empresas, e que asiste ao desmantelamento de sectores claves da economía comarcal; como o naval ou o eólico. En paralelo, rexurde a emigración masiva á que se ven abocadas milleiros de persoas e, polo tanto, agudízase ainda máis á perda de poboación na zona

Demandas sociais que tamén reclamaban solucións á eliminación das comunicacións ferroviarias, solucións á falla de compromiso coa construcción e posta en marcha de infraestruturas imprescindíbeis como a EDAR ou o acceso ferroviario ao porto exterior ... Solucións, en definitiva, para que unha das comarcas de Galiza más castigadas polos distintos gobernos poda comezar a reaxir e vivir dos seus sectores produtivos básicos e da súa producción industrial tradicional.

Perante esta situación crítica, non cabe, como xa se dixo, máis que unha actuación urxente dos gobernos con competencias na posta en marcha de medidas concretas nos diversos sectores; como único xeito de invertir unha tendencia que ameaza con desertizar a comarca no ámbito económico e laboral e desestrutura-la no social. Unha resposta á que a sociedade comarcal tería direito ao día seguinte mesmo da convocatoria de folga xeral.

Nembargantes, na liña do confusionismo e engano, do incumprimento de compromisos do que se fixo gala nos últimos anos, atopámonos de novo cunha actitude soberbia e insensíbel por parte dos representantes dos gobernos responsábeis que, en troques de afrontar con valentía e urxencia as solucións que a comarca demanda, apostan pola deixación das súas responsabilidades ou, o que é pior, polo intento de recrear políticas confusionistas e narcotizantes que perpetúan a actual situación.

Estamos a falar dunha Xunta de Galiza que renuncia a exercer as súas competencias en materia industrial – a comezar, por unha actuación específica a respecto do sector naval – e que continúa sen concretar ainda o tan cacarexado contrato don PEMEX para o naval da ría de Ferrol, ou a construcción do dique flotante; por non falarmos da ausencia dunha acción política enérgica na demanda do levantamento do voto.

E falamos tamén dun goberno do estado que por boca dun dos seus representantes anunciaba que en marzo deste ano Navantia estaría "...cortando chapas...", mentras que outro – o presidente da SEPI – recoñecía nunha comparecencia no Congreso no mesmo mes que aínda se estaban elaborando os informes para facer a consulta sobre a construcción do dique á UE.



A nosa comarca demandou e demanda, unanimemente, medidas concretas para poder producir e para poder traballar. Pero reclamou, sobor de todo, respecto. E o respecto comeza por tratar unha situación de emerxencia con medidas políticas de emerxencia, afrontando dun xeito decidido as responsabilidades que lle competen aos gobernos e abandonando políticas de postureo e confusión. Non cabe outra.

E por iso que, como representantes más directos das veciñas e veciños dos concellos da comarca que sufren e viven esta situación dun xeito directo, e cada vez máis dramático, entendémonos, non só no direito, senón mais ben no deber de exercer un responsábel dereito de crítica e demanda urgente de solucións. Neste senso, propomos ao pleno da corporación a adopción dos seguintes

**ACORDOS:**

1.- Reprobar a actitude do Goberno do Estado e da Xunta de Galiza, pola posición insensíbel e enganosa perante os compromisos asumidos coa comarca e pola falta de medidas concretas na defensa do emprego e dos nosos sectores produtivos.

2.- Articular, dun xeito urgente e en conxunto cos diversos sectores da sociedade comarcal, medidas de presión que obriguen aos devanditos gobernos ao cumprimento das demandas que se veñen facendo nos últimos anos; e que constituiron o clamoroso e unánime berro da sociedade comarcal o pasado dia 12 de Xuño."

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

Interven de seguido o S. López Loureiro, manifestándose en contra do contido da moción, e sorprendido polo apoio a Ferrolterra do BNG, despois de sustentar cos seus votos en Madrid durante varios anos os gobernos de Zapatero, que olvidaron investimentos clave comprometidos para a comarca, como o saneamento da ría ou o acceso ó porto e non acadaron contrato algúin para Navantia. Di que o BNG foi cómplice deses gobernos socialistas que marxinaron a nosa comarca, e que agora Rajoy terá que arranxar esta situación, ainda que necesitará algúin tempo. Acusa tamén ao BNG de hipocresía e cinismo por esixir a construción do tren ó porto exterior mentres prestan o seu apoio a plataformas que están a manifestarse na súa contra, e di que agora se están a acometer investimentos que antes co bipartito denegáronse. Finalmente, responsabiliza ós cinco últimos anos de gobernos do PSOE apoiados polo BNG, nos que non se fixo encargo algúin, da falla de carga de traballo actual no naval, xa que foi o PSOE quen dixo que non se podían facer barcos; acusa ó BNG de oportunismo pola moción que se está a debatir e di que o seu partido seguirá traballando dende o goberno con rigor e responsabilidade para tratar de salvar o sector naval e o emprego na comarca.

O Sr. Márquez toma a palabra de seguido para indicar que esta moción, que conta co seu apoio, ten un contido xenérico que fai referencia a varias empresas da zona, e canaliza o importante malestar que se vive en Ferrolterra pola delicada situación do sector naval e doutros sectores productivos de grande importancia para a comarca.

Interven novamente de seguido o Sr. Soto, para dicir que o que se fai con esta moción é recoller o sentir da poboación, expesado na maior manifestación que se fixo en Ferrol, o pasado día doce de xuño, con decenas de miles de persoas pedindo unha



solución. Di que non todo é culpa do bipartito nin de Zapatero, que ningún dos dous está xa dende hai varios anos, que agora está o PP que asumiunha serie de compromisos electorais difíciles de cumplir e que hai que mirar hacia adiante. Lembra o anuncio feito polo goberno de ter en execución o contrato do flotel para o trinta de xuño, e que ainda non se sabe nada nesta data, e iso non é culpa de ZP nin do bipartito. Nega que o BNG apoiase cinco presupostos do PSOE, e di que foron soamente dous, e a cambio de importantes investimentos para Galicia, como os 500.000 euros do Estado que se empregaron na obra do Pazo, o primeiro investimento do Estado en San Sadurniño. Reitera o Sr. Soto que estamos en 2013 e hai un ano que se prometeron dous floteis, o dique flotante e o plan de desenrolo do sector naval e a esta data ainda non se fixo nada, por iso a sociedade síntese enganada e esa é a causa desta moción. Remata recomendando mirar menos ó pasado e asumir as responsabilidade que ten cada un na resolución dos problemas.

O Sr. Varela interven finalmente como afectado pola súa condición de traballador de Navantia, para expresar a súa tristeza polo manifestado polo portavoz do PP e para dicir que non admite que se lle chame hipócrita e que non se pode culpar á dirección da empresa porque a súa designación ten carácter político e podería terse sustituída a tempo. Di tamén que os compromisos de carga de traballo, como o do flotel, semellan mentiras que xa ninguén cre e que se sustitúen cando caducan por outros supostos encargos que probablemente tamén serán falsos, polo que manifestacións como as que se fixeron aqui lle parecen vergoñentas.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por mayoría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

#### SÉTIMO. APROBACIÓN DE REGULAMENTO ORGÁNICO.

Dase conta da proposta da Alcaldía para a aprobación dun Regulamento Orgánico por parte do Concello, e do texto proposto a tal finalidade. Obra no expediente informe de Secretaría, xa que se trata dun asunto para cuxa aprobación requírese o voto favorable da mayoría absoluta do número legal de membros da Corporación. O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. Soto di que se trata dun instrumento para regular o funcionamento do Concello, sobre todo en aspectos como a participación cidadá, o estatuto dos membros da Corporación, a regulación de órganos colexiados complementarios, o dereito á información, as declaracíons de bens e dereitos dos concelleiros, ou o estatuto do veciño, cun carácter participativo. Resume de seguido a división por capítulos e valora como imprescindible o regulamento para o funcionamento dunha administración local, especialmente nestes tempos de desafeción da cidadanía respecto das institucións. Remata decindo que a prioridade do seu grupo é a apertura do Concello ós veciños e que isto é un paso máis nesa liña de incrementar as posibilidades de participación dos veciños.

O Sr. López Loureiro di que, dado o escaso tempo disponible para o estudio da proposta, o seu grupo vaise abster na votación.



O Sr. Márquez propón, en relación co indicado no artigo 22 da proposta sobre a comunicación electrónica das convocatorias ós concelleiros, que a recepción das convocatorias se confirme telefónicamente, para previr a posibilidade de que non se reciba algunha por fallos na conexión ou por outros motivos, e, en relación co indicado no artigo 48-5, no que se fala de aforrar papel remitindo información por ese mesmo conducto, solicita que se clarexe se as actas da Xunta de Goberno Local tamén se remitirán por correo electrónico ós concelleiros da oposición, xa que ata agora teñen que ser recollidas persoalmente no Concello por eles. O Sr. Alcalde resposto, en relación co primeiro asunto, que non hai inconvinte no das chamadas, ainda que se trata dunha cuestión práctica e non se considera preciso modificar o texto da proposta, e en relación coa segunda cuestión, que non se considera procedente, xa que as reunións e as actas da Xunta de Goberno non son públicas e poden conter datos persoais protexidos, polo que é preferible que non circulen por internet, sen que iso afecte ó dereito á información dos concelleiros.

O Sr. Márquez di que cada concelleiro é responsable de respectar a privacidade dos datos que manexe por razón do seu cargo, e que os correos que cada un recibe na súa conta non son públicos. O Sr. Alcalde pola súa banda insiste en que non é o mesmo recibir e reenviar un correo que ter que escanear un texto para a súa difusión electrónica.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, o que representa a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, con tres abstencións, dos concelleiros do PP, acorda aprobar o Regulamento Orgánico Municipal e a realización dos trámites necesarios para a súa entrada en vigor coa brevidade posible.

**URXENCIA.** Antes de pasar ó oitavo e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Toma a palabra o Sr. López Loureiro, para propor a inclusión como urxente dunha moción de condena ó terrorismo, especialmente referida ó grupo Resistencia Galega. O Sr. Alcalde di que o seu grupo non considera urxente ese asunto.

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión do asunto de que se trata como urxente na presente sesión, a Corporación, por maioría de sete votos contrarios, dos concelleiros do BNG, cunha abstención, do do PSOE e tres votos favorables, dos do PP, acorda non considerar o asunto urxente, polo que non se incorporará á Orde do Día da presente sesión.

Interven de seguido o Sr. Márquez, para propor a inclusión como urxente dunha moción sobre a situación da empresa Megasa.



Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión do asunto de que se trata como urgente na presente sesión, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda considerar o asunto urgente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

**URXENCIA. PRIMEIRO. MOCIÓN DO PSOE SOBRE A SITUACIÓN DA EMPRESA MEGASA.**

O Sr. Márquez da lectura dde seguido ó contido da moción de que se trata, que literalmente di:

"A empresa Megasa é a unica empresa siderúrxica de Galicia. Esta empresa radicada en Narón conta cun cadro de persoal de case 200 traballadores, e uns 1.200 postos de traballo indirectos. Ao mesmo tempo, a actividade da planta ten unha enoffne incidencia no tráftco portuario de Ferrol todavez que máis do 65% da produción da planta se dedica á exportación a través do transporte marítimo, principalmente. A empresa radícase, pois, na castigada comarca de Ferrolterra, a comarca máis castigada polo desemprego, sendo os índices de paro da cidade de Ferrol case similares aos de ocupación. Dado o abandono por parte dos gobernos do PP do sector naval nos estaleiros de Ferrol, moitas empresas auxiliares están subsistindo moi dificilmente grazas á actividade de Megasa, agora en perigo.

En efecto, a Orde do Ministerio de Industria IET/2804/2012, do 27 de decembro, pola que se modifica a Orde ITC/2370/2007, do 26 de xullo, pola que se regula o servizo de xestión da demanda de interrupcibilidade para os consumidores que adquieren a súa enerxía no mercado de produción, vén a modificar as condicións de mercado alterando as regras da competencia en favor de determinadas empresas a costa doutras. A falla dunha visión global dos gobernos do PP, co fin de planificar e dotar a Galicia e ao conxunto do Estado dun proxecto na industria enerxética, leva a un caos ás empresas enerxéticas en Galicia, a unha enorme inseguridade xurídica do sector así como a devandita alteración das regras da competencia leal.

Megasa vese profundamente afectada pola orde ministerial a pesares de ser unha empresa exemplar que vén adoptando, en plena colaboración co cadro de persoal, todas as medidas necesarias para o cumprimento da normativa vixente, da competitividade e da adaptación constante ás normas de interrupcibilidade e de competencia leal. Non obstante, os esforzos non teñen contraprestación ante a imposibilidade de poder competir cando as regras se forzan, por mera decisión política, na súa contra.

As disposicións adicionais e transitorias da orde ministerial de referencia posibilitan unha serie de mecanismos de revisión, ademais dos obviamente possibles ao estar ante unha decisión que depende exclusivamente da vontade política, unha vontade que debe salvar Megasa por xustiza social, económica e empresarial.

**PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN**

O pleno do Concello de San Sadurniño insta o Goberno galego a adoptar as medidas inmediatas e urgentes ante o Goberno de España co fin de modificar a Orde



ministerial IET/280 4/2012, do 27 de decembro co fin de establecer e regular condicións que aseguren a leal competencia entre as empresas sen discriminación entre as que operen no mesmo sector."

O Sr. Soto manifesta a conformidade do seu grupo co contido da moción, indicando que se trata doutro caso no que decisións políticas restan competitividade a empresas galegas, e sinala a paradoxa de que mentres Galicia produce máis enerxía da que consume, a paga máis cara que outros territorios que non producen, o que ten consecuencias para a xente en aspectos medioambientais, económicos ou sociais. Engade que neste sistema capitalista de competencia feroz, teñen que prevalecer a limpeza e a obxectividade, e remata decindo que o seu grupo preparaba unha proposta semellante, e que dada a importancia do asunto, sería convinte que se aprobara por unanimidade.

O Sr. López Loureiro manifesta o apoio do seu grupo á moción, ainda que recolle un comentario segundo o que existe a posibilidade de que a empresa prefira trasladarse a Portugal, para reducir custes. O Sr. Márquez di que, independentemente diso, se trata dun tema que nos afecta e no que é preciso decantarse por esixir o respecto das condicións que permitan cónpetir en igualdade.

O Sr. Alcalde interven para dicir que a enerxía ten un prezo político e que as decisións sobre tarifas, como a que é obxecto desta moción, pódense modificar políticamente se hai presión cidadá, e que estes custos enerxéticos e non os da man de obra son os que poden decidir á empresa á deslocalización.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar a moción de que se trata.

#### OITAVO. ROGOS E PREGUNTAS.

Interven o Sr. López Loureiro para preguntar pola resposta que se vai dar a unha solicitude formulada pola Cooperativa de Explotación en Común de San Sadurniño relativa á indemnización derivada do incumprimento polo Concello dun convenio urbanístico asinado en 2007.

O Sr. Alcalde di que nese escrito, que xa foi respondido solicitando información detallada e escrita, non se pide nada concreto, e que ademais xa non hai cooperativa, porque está en vías de disolución. Di que no seu día considerouse que para a construcción do centro de día era máis convinte e rápida esta solución do convenio urbanístico vinculado ó proceso de elaboración do Plan Xeral que unha posible expropiación, e que se pensou que en cinco anos podería estar feito ese Plan, pero que é un tema que non depende soamente do Concello, senón tamén da Xunta. En relación coa cuantificación da indemnización prevista nese convenio, en caso de desacordo terá que decidir un xuíz.

O Sr. Márquez pregunta polo Plan Xeral, indicando que a convocatoria da última xuntanza relativa a ese asunto non lle chegou a tempo para poder asistir á mesma.

O Sr. Alcalde di que a documentación completa para entregar na Xunta estará lista no próximo mes de agosto, e que a convocatoria da que falaba o Sr. Márquez fíxose con suficiente antelación, pensa que cinco días antes da xuntanza.

O Sr. Márquez di que non é posible que se lle enviase cinco días antes da xuntanza, e que en calquera caso sempre é convinte previr posibles fallos de internet confirmando telefónicamente as convocatorias que se fagan por medios electrónicos.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e corenta e seis minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certífico.

O ALCALDE PRESIDENTE,



O SECRETARIO,

